

OS SOCIALISTAS DO COUREL CRITICAN QUE OS POLÍTICOS DO PP PRESUMAN DOS INVESTIMENTOS DA XUNTA NO CONCELLO E MENOSPREENCIEN OS DA DEPUTACIÓN

A candidata socialista recalca o compromiso do organismo provincial co Courel nos últimos dous mandatos de goberno socialista no que se investiron máis de 3 millóns de euros na dotación de servizos e infraestruturas para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas desta zona

Carmen Álvarez afirmou que “o concello perdeu investimentos provinciais porque a propia alcaldesa foi a que os rexeitou ao non aproveitar o plan Innova-TE, e un plan gratuíto co que a Deputación axudou aos municipios a reducir a factura da luz”

Folgozo do Courel, 19 de maio de 2015 .- A candidata socialista de Folgozo do Courel –Carmen Álvarez- vén de criticar as declaracións realizadas polo secretario provincial do PP coas que “presumiu” dos investimentos da Xunta de Galicia no concello nos últimos seis anos e menospreciando os da Deputación. Por iso, Álvarez lembrou o compromiso do organismo provincial co Courel nos últimos dous mandatos de goberno socialista no que se investiron máis de 3 millóns de euros na dotación de servizos e infraestruturas para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas desta zona.

A candidata quixo resaltar algunhas das actuacións levadas a cabo pola Deputación nesta zona como o saneamento a Millares, a pavimentación dos núcleos de Noceda, Sobredo, Vilamor e Pendella, o acondicionamento dos accesos a Miraz, Liñariños e Campelo, o abastecemento de auga a Pacios, a reposición de tubaxe e o acondicionamento do depósito de Folgozo, a mellora de abastecemento de auga no núcleo de Seceda, a traída de auga a Folgozo e Visuña, ademais de garantir cunha achega de máis de 12.000 euros o servizo de axuda no fogar e colaborar no financiamento da Festa da Castaña. Nos últimos meses o organismo provincial anunciou, ademais, que arranxará a estrada provincial LU-P-1301, que une O Courel con Pedrafita.

Álvarez mencionou ademais a colaboración do executivo provincial coa Fundación Uxío Novoneyra para a rehabilitación da cuberta da Casa da Fonte, onde se atopa a sede deste colectivo, co obxectivo de dinamizar e promover a cultura luguesa, e xerar actividade económica e fixar poboación no rural; ao contrario da Xunta que ten abandonada a cultura neste entorno. Ademais, a candidata destacou que “a ciencia é outra das grandes desatendidas do Concello e da Xunta, xa que teñen totalmente abandonada a estación biolóxica do Courel”.

Por outra banda, a alcaldable socialista afirmou que “o concello perdeu investimentos provinciais porque a propia alcaldesa foi a que os rexeitou ao non

aproveitar o plan Innova-TE e un plan gratuíto co que a Deputación axudou aos municipios a reducir a factura da luz”.

